

FRAN REI

A Historia de Brancaflor

COMPAÑÍA

Fran Rei é cofundador, pallaso en activo e coordinador da compañía oficial do Festival Internacional de Clown de Galicia (Festiclown) Os Sete Magníficos Máis Un, coa que ten participado nun total de doce espectáculos teatrais desde o ano 2001. Igualmente, ten traballado noutras compañías de teatro galegas, como Bagunça Teatro, Producións Desaqueoutradas, Acontrabutaca e Culturactiva SCG. Tamén ten experiencia no mundo televisivo. Xunto a Pedro Brandariz, formou as parellas cómicas O Gordo e o Calvo e Os Ramistas, que participaron regularmente no programa Luar da TVG (2012/2016).

É membro fundador da organización galega de cooperación internacional a través das artes Pallasos en Rebeldía e, con esta entidade, ten participado en diversas caravanas de pallasos por comunidades indíxenas de Chiapas (México). Interpreta tamén o espectáculo "O Valo", sobre a crise das persoas refuxiadas, baseada no texto Premio Manuel María de Literatura Dramática Infantil 2016, de Carlos Labraña.

OS ESPECTÁCULOS

Nesta montaxe achegámonos á lenda popular de *Brancaflor* -filla do Demo- a partir da versión que Xosé Ramón Mariño Ferro recolleu na súa escolma *Contos Marabillosos*. Unha trama chea de probas máxicas, encantamentos, romances e maleficios. Unha fermosa historia de amor entre Brancaflor e Xan, á que se opón o malvado pai da rapaza.

Baixo a dirección de Avelino González, e coa interpretación de Fran Rei, a narración vén acompañada con xogos de maxia, que reforzan a comprensión do conto e, sobre todo, fan máis atractivo o espectáculo.



FICHA ARTÍSTICA

Elenco: Fran Rei

Dirección: Avelino González

Xénero: Narración oral, maxia

Duración: 50 minutos

Público: familiar

[+ info](#) [▶ ver vídeo](#)